*Informe nal de*

# AVALIACIÓN DO PAT

Facultade de Educación e Traballo Social

SOMOS EDUCA LIDADE

Curso 2023-2024
R2-DO0203 P1



Validación pola Comisión de Garantía Interna de Calidade
Aprobado o 30/09/2024

Centro certi cado
FIDES AUDIT

Facultade de
Educación e Traballo Social

Universidade Vigo

Área de Calidade

Universidade de Vigo
Plan de Acción Titorial

**Facultade de Educación e Traballo Social**
**Campus Auga, 32004 Ourense**
**Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal**

# MEMORIA PAT-ANEAE 2023-2024



Delgados/as de curso



Decano/a e PAS do centro



Títores/as do PAT



Mobilidade:Estudantes Eramus



Programa TFG con Alegría



PIUNE e Practicum

**TITULOS DE GRAO**

**Grao en Educación Infantil**
**Grao en Educación Primaria**
**Grao en Educación Social**
**Grao en Traballo Social**

**TÍTULOS DE POS/GRAO**

**Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos**
**Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos**
**Mestrado en profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas**
**Mestrado desafío das cidades**

| | |
|---|---|
| Código calidade<br>R2 DO-0203 - Informe final de avaliación do PAT | Validado en Comisión de calidade o 30 setembro do 2024<br>Aprobado en Xunta de centro o 30 setembro do 2024 |

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

# Índice

INFORME: accións PAT 1º cuadrimestre curso 2023-2024 .......... 3
1.Presentación .......... 3
BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE .......... 3
Actividade 1.-Presentación e planificación de actividades do PAT-ANEAE .......... 3
Actividade 2.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as titores/as .......... 6
Actividade 3.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as delegados de curso .......... 6
Actividade 4.-Programa PIUNE: apoio a diversidade .......... 7
Actividade 5.-Reunión dos/as titores/as do PAT-ANEAE e o grupo de os/as estudantes titorizados/as .......... 9
BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN .......... 12
SUBLOQUE. ACCIÓNS DE ACOLLIDA .......... 12
SUBLOQUE. ACCIÓNS ESPECÍFICAS DO PAT-ANEAE .......... 13
INFORME: Accións PAT 2º cuadrimestre curso 2023-2024 .......... 21
1.Presentación .......... 21
BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE .......... 21
BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN .......... 22
Anexos .......... 41
ANEXO IV. SÍNTESE DO INFORME PAT-ANEAE-CURSO 2023_2024 .......... 51

INFORME: accións PAT 1º cuadrimestre curso 2023-2024

## 1.Presentación

As accións do 1º cuadrimestre do PAT-ANEAE están dirixidas a todo o estudantado dos graos e mestrados da Facultade de Educación e do Traballo Social de Ourense (en adiante FETS), prestando unha especial atención aos estudantes de novo ingreso e, moi particularmente aos PIUNE en liña co ***PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO DO CENTRO***, que traballa por e para a accesibilidade universal, apostando por ofrecer unha **atención axeitada á diversidade** (ver paxina 5 do PDEC). De forma adicional e máis específica, realizáronse sesións de orientación académica dirixidas a preparar os estudantes; en concreto, os de 2º e 3º curso sobre os programas de mobilidade. Tamén, se traballou cos/as estudantes de 4º curso para que abordaran, de forma eficaz e autónoma, as aprendizaxes adquiridas nas materias dos respectivos plans de estudos (i.e., Prácticum).

Neste curso académico optimizouse a presentación da estrutura da MOOVI, traballo que foi realizado polo **titor Joseba Delgado Parada**, co obxectivo de mellorar a presentación visual da información achegada ao estudantado.




**Gráfico 1.-Optimización da presentación visual do espazo MOOVI do PAT-ANEAE.**

## BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE

### Actividade 1.-Presentación e planificación de actividades do PAT-ANEAE.

*Descrición*. O/A coordinador/a do PAT-ANEAE ocupouse de difundir a guía do PAT-ANEAE entre o profesorado titor/a e estudantado a través das canles de comunicación, que ten habilitadas o centro. O material audiovisual que está presente na web da FETS na sección do PAT-ANEAE, empregouse na sesión de acollida ao estudantado de 1º curso, igualmente o titor/a na primeira reunión proporcionoulle o material ao estudantado que non puido estar presente na sesión de acollida, así como ao estudantado dos mestrados do centro (i.e., Mestrado das cidades; Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos; Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos; Mestrado en profesorado en ESO).

O vídeo descritivo do PAT-ANEAE ubicado na Web da Facultade na sección do PAT-ANEAE, e tamén pasa a incorporarse a sesión de acollida, que realizou o centro no curso 2023-2024. Este recurso audiovisual incorpora as principais áreas que desenvolve, de forma transversal, o PAT-ANEAE da FETS, visibilizando os principais operadores que colaboran na súa execución.




**Gráfico 2.-Localización na Web da Facultade do vídeo explicativo do PAT-ANEAE.**

Este contido audiovisual ponse a disposición dos/as titores/as dos títulos de grao da Facultade (i.e.,**Grao en Educación Infantil, Grao en Educación Primaria, Grao en Educación Social, Grao en Traballo Social**) e dos mestrados (i.e., **Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos, Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos; Mestrado en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de idiomas; Mestrado Desafío das Cidades**) que no curso académico 2023-2024, o estudantado coñeza o obxectivo e as funcións do PAT-ANEAE.

A FETS conta con seis titores/as por cada titulo de grao do centro. Neste curso académico incorporouse a creación dun listado con profesorado de substitución que serve para cubrir baixas do seguinte curso e baixas puntuais que se producen por cuadrimestre. Neste sentido, cómpre destacar que o coordinador/a de PAT-ANEAE debe anticiparse no 1º cuadrimestre e comprobar se existen posibles baixas. **Cabe destacar que esta foi unha incidencia que se produciu este curso académico, pero que tamén nos serviu para mellorar e perfeccionar o protocolo de actuación para o seguimento e mantemento dos titores/as de PAT-ANEAE**. Neste curso académico, tivemos que facer unha transición do profesorado no 1º cuadrimestre por baixas, o protocolo que se adoptou consistiu en facilitar a transición do titor/a que deixa o PAT-ANEAE para o novo titor, que se incorpora ao PAT-ANEAE. Neste caso, o profesor/a que abandona a figura de titor/a presenta ao novo titor/a na última sesión que ten co estudantado e no caso de non ser posible envía un correo aos estudantes titorizados que se ocupan de presentar ao novo titor/a. Por último, no período comprendido entre a última semana de xullo, preguntouse aos titores/as se desexaban renovar para o curso seguinte, solicitando achegas ou propostas para vindeiras edicións. Neste caso, producíronse algunhas baixas e novas incorporacións, resultando definitiva a seguinte relación, a saber:

**Facultade de Educación e Traballo Social**
**Campus Auga, 32004 Ourense**
**Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal**

*No grao de Educación Infantil*: Valentín Iglesias Sarmiento; María Mercedes González Vázquez; Sonia Alfonso Gil (substituída por Abraham Rubín Álvarez); Carla María Míguez Álvarez; Almudena Alonso Ferreiro; María Ainoa Zabalza Cerdeiriña.

*No grao de Educación Primaria*: María del Mar García Señorán; Xosé Constenla Vega; Mónica Rodríguez Enríquez; Ángeles Conde Rodríguez; Ángel Vázquez Dorrío; María Victoria Fernández Carballo-Calero.

*No grao de Educación Social*: Joseba Delgado Parada; Deibe Fernández Simo; María Victoria Carrera Fernández (substituída por María Esther Pérez Enríquez); Yolanda Rodríguez Castro (substituída por Silvia Sierra Martínez); Manuel Isorna Folgar (substituido con transición realizada no 2 cuadrimestre do curso 2023-24 por María Cristina Sánchez Martínez); Xosé Manuel Cid Fernández (substituído con transición realizada no 2 cuadrimestre do curso 2023-24 por Rosana Martínez Román).

*No grao de Traballo Social*: María José Vázquez Figueiredo; Mónica López Viso; Raquel Vázquez Pérez; Rubén González Rodríguez; Yolanda García Vázquez; Alexo Breogán Riobóo Lois (substituído con transición realizada no 2 cuadrimestre do curso 2023-24 por Clara Grech).

*Data de realización*: A finais de xullo e primeira semana de setembro contactouse coas persoas, que van participar na execución das accións do PAT-ANEAE do 1º cuadrimestre do curso 2023-2024. A presentación do PAT-ANEAE nos graos realizouse na sesión de acollida, que se executou o día 06/09/2022, nos catro graos do centro. Nos mestrados do centro, o PAT-ANEAE presentouse polo coordinador/a o día da sesión de acollida, que se efectuou no mes de setembro (ver, cronograma do PAT-ANEAE).

A elección de delegado/a de 1º curso realizase durante o  de 1º cuadrimestre (24-27 outubro de 2022).

Elecciones 24-27 de octubre de 2022 (Ed. Infantil el 2/11/2022)

Estudiantado delegado de curso

| CURSO | GRADO EI | GRADO EP | GRADO ES | GRADO TS |
|---|---|---|---|---|
| 1º | RIVAS GARCÍA, Pablo<br>BERTOA RODRÍGUEZ, Alejandro | RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Érika<br>RODRÍGUEZ CHAS, Ángela | SARMIENTO BELOSO, Antía | DOMÍNGUEZ CIBEIRA, Sarah<br>RODRÍGUEZ CASTRO, Carlota |
| 2º | GARCÍA SOUSA, Aroa | FERNÁNDEZ CARRACEDO, Raquel<br>MOREIRAS CARCACÍA, Alexia | AGUDO COLVELO, Raquel<br>PÉREZ LÓPEZ, Tania | RODRÍGUEZ PEREIRA, Lucía |
| 3º | BORRAJO BLANCO, Lucía<br>GONZÁLEZ VIANA, Sandra | GONZÁLEZ LOSADA, Chasua | PAZOS GONZÁLEZ, Marieta<br>PÉREZ RODRÍGUEZ, Carla Andrea | MORENO RODRÍGUEZ, Andrea |
| 4º | RAÑÓ CONDE, Clara | HERVES FORTES, Álvaro<br>MATÍAS BASTEIRO, Iria | GANDÓN AVIÓN, Sara | SÁNCHEZ VERGUEIRA, Alicia |

Orientación al alumnado
Delegadas/os de Curso
Jornadas de acogida
Plan de Acción Tutorial
Movilidad
Becas y ayudas
Evaluación por compensación

**Figura 1.-Localización dos delegados/as de aula na Web da FETS.**

*Avaliación da excusión.* O profesorado e persoal da administración e servizos que colaborou na execución do PAT-ANEAE (i.e., biblioteca, profesorado de linguas estranxeiras da Facultade)

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

responderon, de forma positiva, ao igual que os/as delegados/as de cursos previos. Cabe significar que algúns profesores manifestaron o seu interese en participar como titores, indicándolle que no caso de producirse algunha baixa serían incorporados o vindeiro curso. En xeral, o profesorado está implicado no desenvolvemento do PAT-ANEAE, ao igual que os delegados/as de aula do curso anterior (2º, 3º e 4º curso dos títulos de grao do centro), que xa participaron na sesión de acollida.

No que afecta á elección de delegados/as de aula **advertiuse que sería recomendable adiantar a data de elección, para responder ás necesidades do 1º cuadrimestre de forma máis operativa. Atendendo esta recomendación no curso 2024-25 as eleccións leváranse a cabo no mes de setembro.**

**Actividade 2.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as titores/as.**

*Descrición*. O/A coordinador/a convocou unha reunión cos/as titores/as do PAT-ANEAE para consensuar e concretar, atendendo as necesidades, que se detectaron en cursos pasados, os puntos a incluír nas reunións co grupo de estudantes titorizados/as.

*Avaliación da execución*. A maioría dos/as titores/as asistiron á reunión establecida entre titores-estudantes titorizados/as, sendo unha xuntanza moi participativa e produtiva. Na sesión, por consenso, confirmouse que se continúa aplicando o protocolo de contidos a tratar na primeira reunión e o procedemento a seguir para facer a convocatoria e recoller o tratado, incorporando a necesidade de adquirir e empregar o correo corporativo, así como facer fincapé nos coñecementos tecnolóxicos, que se requiren para comunicarse coa administración por vía dixital (Ver Anexo_Acta reunión coordinación-titores).

*Data de realización*: Ofrécese a posibilidade de acudir o 6 ou 7 de outubro, optando polo 7 de outubro, podendo asistir tanto presencial como virtualmente, xa que se solicita un aula integra, e unha aula do centro. Unha vez cuberta acta publícase entre os titores/as, e tras mostrar acordo unánime péchase e arquivase.

**Actividade 3.-Reunión coordinador/a do PAT-ANEAE e os/as delegados de curso.**

*Descrición*. O/A coordinador PAT-ANEAE remitiu un correo aos estudantes que actúan en calidade de delegados de aula, co propósito de poder coñecer o funcionamento do PAT-ANEAE, así como ofrecer a posibilidade de formar parte dun grupo de comunicación, para poder transmitir de forma áxil as mensaxes.

O resultado desta reunión trasládase a unha acta, na reunión participaron as distintas coordinacións de grao e tamén a **coordinación do PAT para o vindeiro curso a profesora Yolanda García Vázquez-** que ten experiencia como titora do PAT. Aprovéitase a ocasión para presentar aos delegados/as de aula, con quen vai traballar o vindeiro curso. As cuestións que se abordaron quedaron reflexadas na **Acta da reunión de delegados/as, que se recolle no Anexo.**

*Data de realización*: A finais do segundo cuadrimestre.

*Avaliación da execución*. Os delegados/as de aula mostraron interese en formar parte do grupo de comunicación, e quedaron en establecer sinerxías para valorar a posibilidade de traballar conxuntamente. Como observación e matizacións con relación a esta cuestión, **cabe resaltar que é preciso consolidar a función e rol de delegado de aula, moi especialmente nas titulacións dos graos de educación social e traballo social, xa que non acudiron a reunión establecida. Aínda que se debe salientar moi positivamente que os delegados de aula do grao de Traballo Social están moi activos nos grupos de comunicación durante o curso, transmitindo as necesidades dos compañeiros/as. Porén, no titulo de grao de Educación Social non existe a mesma implicación, no momento actual.**

**Actividade 4.-Programa PIUNE: apoio á diversidade**

O/A coordinador/a do programa PIUNE colaborou na xestión dos/as estudantes que solicitaron avaliación e adaptación. O coordinador PIUNE informou da previsión inicial dos estudantes PIUNE. O gabinete de orientación educativa informou aos coordinadores de grao dos estudantes do programa PIUNE, este notificou ao profesorado e coordinadores de grao. Do mesmo xeito, notificouse aos docentes o Plan de Atención individualizado comunicado pola Unidade de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UNATEN). **Cabe indicar que no curso 2023-2024 o servizo de atención do estudantado PIUNE e outras demandas específicas será atendido, previa firma dun convenio, polo COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS, que se ocupará de atender as demandas específicas do estudantado da UVIGO. Tamén o correo que remitan os participantes no programa PIUNE (profesorado e estudantado) ten que ser obrigatoriamente o institucional da Uvigo, destas cuestións informará a coordinadora PIUNE, aos implicados. A coordinación do PIUNE, profesora Mar Señoráns achega documentación, que explica o proceso.**

*Data de realización*: tras a notificación da inclusión no programa PIUNE durante o 1º cuadrimestre do curso 2023-2024.

**Facultade de Educación e Traballo Social**
**Campus Auga, 32004 Ourense**
**Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal**

Figura1.-Descrición do protocolo de atención no programa PIUNE

*Atención á Diversidade*

*Universidade de Vigo*



A Universidade de Vigo conta con diferentes programas e ferramentas para acadar a plena integración na vida universitaria, destaca o Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (Piune).

*Obxectivo do Piune*

Ofrecerlle un apoio educativo personalizado ao estudantado que teña necesidades específicas de apoio para garantir a súa igualdade de oportunidades no ámbito académico.

*Persoas implicadas*

- Estudante: presenta voluntariamente a súa solicitude para formar parte do programa Piune. A través da sede electrónica https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/Piune
- Unaten: é a unidade de atención á diversidade, coordina o programa e actuará como principal punto de contacto entre todas as persoas implicadas.
- Profesional (psicóloga/o): Avalía cada caso e emitirá informe coas pautas recomendadas.
- Persoa responsable do programa Piune: en cada centro de estudios (facultade/escola) é a persoa encargada de coordinar e supervisar a implantación das pautas de apoio e de manter contacto frecuente co/coa estudante.
- Persoa voluntaria/ bolseira: é o membro da comunidade universitaria que mediante inclusión no proxecto de voluntariado propio ou a través do programa de bolsas propio desta universidade, colabora para integrar o/a estudante na vida universitaria e no desenvolvemento das súas actividades académicas diarias no centro.

**Descrición da actividade da COORDINADORA PIUNE.**

Durante o curso 2023-2024 tivemos 18 estudantes PIUNE.

- **O Programa PIUNE foi presentado, aos estudantes dos Graos de Educación Primaria, Educación Infantil, Educación Social, Traballo Social e do Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos, nas xornadas de acollida da Facultade.** O procedemento para a inscrición no programa explicouse ao grupo aula pero tamén se asesorou individualmente aos estudantes que o pediron durante todo o curso.

**-As orientacións incluídas nos Plans de Atención Individualizados dos estudantes PIUNE da Facultade foron enviadas a principios do primeiro cuadrimestre por correo electrónico aos docentes das materias nas que se habían matriculado as alumnas e alumnos.** Resolvéronse individualmente as dúbidas sobre as pautas propostas ben de forma presencial, por teléfono ou por correo electrónico.

- **Ao finalizar o primeiro cuadrimestre algúns estudantes pensaban que xa non formaban parte do programa PIUNE polo que comunicouse que se había asinado un compromiso de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) para prestar servizos de apoio psicopedagóxico orientado a favorecer a integración do estudantado da UVigo no ámbito académico e informouse que o alumnado PIUNE continuaría coas pautas do primeiro cuadrimestre. Indicouse o procedemento a seguir no caso de precisar unha nova sesión para revisar as pautas.**

- Durante o curso académico realizáronse titorías personalizadas cos estudantes PIUNE nas que se abordaron as seguintes cuestións:

a) ***Seguimento da marcha do curso, asistencia a clases, realización de traballos, carga de traballo***. A pesar de que algúns estudantes indicaron que había días que non se atopaban en condicións de realizar as tarefas académicas, en xeral a valoración do seguimento do curso foi positiva e móstranse satisfeitos cos resultados obtidos.

b) ***Dificultades, necesidades suxestión:*** Parte dos estudantes PIUNE pensaban que o programa non continuaba e que non se prestarían os servizos ofrecidos en cursos anteriores. Nalgún caso indicouse que as pautas non se estaban cumprindo pois algún profesor descoñecía as orientacións recollidas no plan de atención individualizada. **Como xa se indicou en anteriores informes sería de utilidade que as/os responsables PIUNE estiveran informados dos cambios realizados na matrícula polas alumnas ou alumnos e da incorporación de novo profesorado. Tamén sería de utilidade facilitar un proceso máis áxil de busca dos datos dos docentes responsables das materias cursadas polos estudantes PIUNE e os seus enderezos electrónicos.** Na Facultade de Educación e Traballo Social é bastante habitual que as materias sexas impartidas por varios docentes.

c) ***Satisfacción co programa:*** Algúns estudantes indicaron que grazas as pequenas adaptacións realizadas puideron levar os estudos mellor. De forma unánime, resaltan a utilidade do Programa PIUNE.

En xeral os docentes teñen en conta as pautas recollidas nos Plans de Atención Individualizados e as valoran positivamente, se ben en algúns casos indicouse que son insuficientes para proporcionar un apoio axeitado ao alumnado. A finais do segundo cuadrimestre recibiuse a modificación das pautas dunha alumna. **A proposta realizada polos profesionais do COPG xerou desconcerto entre os docentes pois as orientacións se centraban fundamentalmente en como debía facerse a avaliación en cada materia. Manifestouse que as pautas deben centrarse nas dificultades que presentan os estudantes no proceso de ensinanza-aprendizaxe e indicar como se pode optimizar.**

**Actividade 5.-Reunión dos/as titores/as do PAT-ANEAE e o grupo de os/as estudantes titorizados/as.**

*Descrición*. Cada titor/a mantivo unha primeira reunión co seu alumnado para presentar o funcionamento do PAT-ANEAE e explicar a súa utilidade, e tamén posibilitou a detección das necesidades e demandas de cada grupo (Ver, Táboa 1). Tamén, efectuase unha actividade de orientación e apoio en cuestións académicas relativas aos contidos, actividades e avaliacións das materias e as demandas dos/as estudantes. Esta acción está dirixida a todo o estudantado do

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

centro, que é realizado polos distintos docentes das materias de cada un dos graos e dos mestrados.

Táboa 1.

Relación e descrición das reunións dos/as titores/as dos graos PAT-ANEAE

| CONVOCATORIAS | DESCRICIÓN | DATAS |
|---|---|---|
| *Reunión obrigatoria*. | O coordinador/a do PAT-ANEAE remite un correo informativo aos titores/as cos principais puntos a abordar nas reunións cos estudantes, concretando o período e lugar, no que debe efectuarse.<br>Así como material complementario de actividades de ocio, e información sobre trámites administrativos. | 1º cuadrimestre. A convocatoria debe realizarse entre os meses de outubro-novembro |
| *Reunións segundo a demanda dos/as estudantes*. | Os/as titores realizan un asesoramento ao seu grupo de estudantes titorizados/as ao longo do curso académico, en función das necesidades detectadas. | Tras a notificación da demanda de atención dos/as estudantes |

Na primeira reunión que ten o titor/a co estudantado, o coordinador de PAT-ANEAE achégalle documentación das actividades culturais. Especificamente, nos graos de educación achegase material audiovisual, que creou especificamente o profesorado de linguas para explicar e motivar a formación do estudantado en linguas estranxeiras, moi especialmente para que teñan as competencias precisas para dominar outra lingua. Recomendándolles a aqueles que teñen pensado facer un Erasmus contar coa certificación precisa para poder acceder as bolsas de mobilidade en países de fala estranxeira. cando teñen que facer ou acceder a bolsas de mobilidade. De forma complementaria, a Facultade o curso pasado creouse un material audiovisual que está dispoñible para o profesorado e estudantado, no que se promove a importancia de adquirir competencias lingüísticas, en distintos idiomas.

Figura 2.-Descrición do material que se achega aos titores para levar a cabo a 1º reunión.



MATERIAL AUDIOVISUAL QUE DEBEMOS ACHEGAR AOS ESTUDANTES DOS GRAOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (1 SESIÓN CO TITOR)

María José Vázquez Figueiredo
Para: María José Vázquez Figueiredo; **y 2 más**
CC: María del Mar García Señoran; **y 11 más**
Jue 21/09/2023 19:19

SESION INFORMATIVA LING...
514 KB

Mostrar los 3 datos adjuntos (5 MB)

Guardar todo en OneDrive - Universidade de Vigo Descargar todo

Estimados compañeiros/as,

Achégovos o material que sería recomendable que lle achegarades ao voso estudantado titorizado, para que o puidera manexar.

Todo este material está dispoñible na MOOVI, pero sería recomendable que o día da reunión, que ten convosco se lle achegue para que o poidan ver cando consideren

1º) material cultural
2º) sesión informativa linguas estranxeiras (material audiovisual que poden ver de forma asincrónica)
3º) acceso ás listas de distribución.

Moitas grazas pola vosa colaboración, calquera necesidade estou pendente.




**BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN**

**SUBLOQUE. ACCIÓNS DE ACOLLIDA**

**Actividade 1. Sesión informativa nos graos e mestrados.**

A primeira semana do curso académico, en concreto o **6 de setembro de 2022**, celebrouse unha sesión de presentación co estudantado de 1º. Nela informase dos plans de estudos dos títulos do centro, as competencias dos títulos, a normativa do centro, os servizos administrativos, o PAT-ANEAE, os/as titores/as, e sobre os espazos (i.e., salas de estudos, laboratorio de informática), o protocolo COVID-19. Asemade, realizouse unha sesión orientada ao manexo das ferramentas tecnolóxicas, que deben coñecer os estudantes durante a súa vida académica (i.e., secretaria virtual, correo electrónico, campus remoto, MOOVI) (ver, web centro, programa semana acollida).

No ***Mestrado En Dificultades De Aprendizaxe E Procesos Cognitivos*** as accións de información sobre a contorna universitaria, os servizos que ofrecen a universidade e a facultade e as características específicas da titulación dirixidas ao estudantado de 1º curso desenvolvéronse no marco da xornada de acollida setembro **2023** (ver web do título). Asimesmo, en setembro celebrouse unha sesión formativa na biblioteca para o novo estudantado do título.

No ***Mestrado En Intervención Multidisciplinar Na Diversidade En Contextos Educativos*** a xornada de acollida realizouse **setembro de 2023** na Facultade de Ciencias da Educación do campus de Ourense, onde se explicaron os aspectos fundamentais sobre a planificación académica e os recursos dispoñibles para o estudantado do mestrado, indispensables para a boa marcha e o aproveitamento do curso (Adxúntase o cronograma de actividades).

**No Mestrado En Profesorado En ESO, Bacharelato, FP E Ensino De Idiomas a** xornada de presentación levouse a cabo en setembro (ver web do título). En concreto, o 18 de setembro de 2023 tivo lugar a presentación xeral do máster. Realizouse en liña para os tres campus (Ourense, Pontevedra e Vigo) ofrecendo información, especialmente ao alumnado, sobre a estrutura dos itinerarios, as plataformas de teledocencia, o correo electrónico da UVigo, o acceso a wifi, os recursos informáticos e a biblioteca, etc. Marco no que tamén se presentou o propio PAT. Á súa vez, informouse ao alumnado dos principais servizos universitarios (SIOPE, FUVI, OFOE, ORI,

actividades deportivas e formativas) co fin de favorecer a súa inclusión académica, social e persoal. Por outra banda, ofrecéronche información inicial sobre as Prácticas Externas e o TFM. Ademais da información facilitada, aclaráronse todas as dúbidas formuladas polo alumnado.

Os responsables desta sesión foron o Coordinador Xeral do Máster, o Secretario Técnico, o Coordinador do Campus e a Coordinación de Itinerarios. Os destinatarios foron todos os alumnos.

No ***Mestrado en Desafío das Cidades*** iniciase o curso lectivo e pertinente presentación o día 2 de outubro de 2023 (ver web do título universidadesemfronteiras.eu/educative-offer/3).

*Data de realización*: mes setembro-outubro de 2023.

*Avaliación da execución*. O mestrado en desafío das cidades a coordinación xeral non é responsabilidade da FETS, neste caso é un título interuniversitario no que están implicados as tres universidades galegas e unha portuguesa. Por tanto, a responsabilidade da implicación de accións xerais do mestrado é executado pola FETS.

## SUBLOQUE. ACCIÓNS ESPECÍFICAS DO PAT-ANEAE

### Accións destinadas a estudantes de inicio de titulación

#### Actividade 1. Realizase unha sesión sobre linguas estranxeiras

*Descrición*. Os/as profesores/as titulares de linguas estranxeiras elaboraron un material audiovisual no que se explica a necesidade de manter e realizar, de forma continua, actividades vencellas a lingua estranxeira para manter as competencias.

*Lugar e día de realización*. A coordinación e titores comparten co estudantado o material para que o estudantado sexa consciente da importancia de formarse, de forma lonxitudinal, na adquisición de linguas estranxeiras, incídese especialmente nos estudantes de 1º, dos títulos do Grao en Educación Primaria e de Educación Infantil.

*Avaliación da execución*. **Ao proxectar este material nas aulas directamente co estudantado garántese que a información básica sobre esta cuestión chega a todo o alumando, en especial ao dos graos de educación.**



**Gráfico 3.-Contido Plan de galeguización e plan de internalización e inclusión da Facultade de Educación e Traballo Social.**

*Suxestión de mellora*. Sería recomendable integrar este material audiovisual na sesión de formación e preparación para acceso as bolsas Erasmus.

**Actividade 2. Formación autónoma sobre o funcionamento da biblioteca**

*Descrición*. Nos graos propúxose un curso *online* vencellado a colaboración de distintos profesores das titulación, que son quen establecen as datas de inicio e finalización do curso *Infórmate coa Biblio!!* Este trata de facilitar o seu coñecemento, funcionalidade e recursos dos que dispón a biblioteca.

*Avaliación da execución.* A participación dos estudantes nos graos, nos últimos 5 cursos aparece recollida no seguinte gráfico. De forma máis concreta, as cifras na participación do estudantado de grao nas accións da Biblioteca non son altas. No curso 2023/2024, o grao de Educación Primaria é o que presenta peor evolución, neste grao vense producindo unha baixa significativa. No grao de Educación Infantil a participación é constante. Advírtese unha mellora significativa no grao de Educación Social, e tamén no grao de Traballo Social, aínda que é insuficiente.

Figuras 4. Descrición da participación dos curso de Biblioteca da FETS da UVIGO



**Facultade de Educación e Traballo Social**
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal






Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal




| GRAO | CURSO 2023/24 | CURSO 2022/23 | CURSO 2021/22 | CURSO 2020/21 | CURSO 2019/20 |
|---|---|---|---|---|---|
| Educación infantil | 57 | 56 | 65 | 45 | 48 |
| Educación primaria | 13 | 15 | 21 | 57 | 55 |
| Educación social | 62 | 4 | 55 | 64 | 29 |
| Traballo social | 30 | 23 | 53 | 33 | 9 |

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

*Propostas de mellora*. Suxírese que participación na formación sobre a normativas de citación teña un valor no proceso de avaliación das materias, como incentivo na participación. Nesta cuestión sería de interese que fora abordada por coordinadores de curso e grao, para valorar incentivos para a adquisición desta competencia. Os responsables da Biblioteca ofrécense para ofertar un curso formativo presencial sobre normativa APA ao estudantado.

Nos mestrados da FETS tamén se oferta a formación da biblioteca ao estudantado, así mestrado de dificultades e de diversidade dedican sesión formativas específicas sobre manexo búsqueda de base de datos e normativa APA. No mestrado de secundaria que non é coordinado polo centro a xestión desta cuestión está liderada pola Facultade de Bioloxía, que ten a súa sede no campus de Vigo. O mesmo sucede co mestrado das Cidades.

### Actividade 3. Información e orientación laboral

*Descrición*. Fundamentalmente a coordinación do título de *Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos* trasladouse información mediante a plataforma MOOVI, email, oralmente na aula, web do mestrado sobre as bolsas de formación, programas de mobilidade, habilitación do mestrado de dificultades e aprendizaxe para impartir docencia en centros privados, convocatorias de oposición e de bolsas de traballo.

*Data*. Durante o 1º e 2º cuadrimestre do 2023 segundo proceda

O outros mestrados (i.e., ***Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos; Mestrado en Profesorado; Mestrado Desafío das Cidades***) vencellan a orientación ao desenrolo da docencia do título.

En concreto, **no Mestrado en Profesorado** ao longo do curso continuouse a ofrecer información ao alumnado sobre materias de carácter singular (Practicum e TFM). No que se refire ás Prácticas Curriculares e ao Traballo Fin de Máster, propúxoselles aos estudantes consellos e orientacións para tomar as decisións máis axeitadas e ter en conta as súas necesidades e expectativas. Así mesmo, posibilitou o reforzo académico para a realización do TFM mediante cursos de formación específica sobre análise de datos cuantitativos e cualitativos, organizados pola Facultade de ETS e o outro sobre fontes de información, impartidos de xeito dixital pola biblioteca da UVigo.
Os responsables desta sesión foron fundamentalmente o Coordinador de Máster (Coordinador Xeral de Máster, Secretaría Técnica, Coordinador de Campus, e Coordinador de Itinerario), persoal especializado dependente da biblioteca, da Facultade da ETS. Os destinatarios foron todo o alumnado, e tivo lugar entre novembro de 2023 e xullo de 2024.
De forma complementaria, no mestrado de secundaria, ofreceuse a todos os estudantes do máster ofrecéuselles información sobre o desenvolvemento do curso académico ao longo de todos os cuadrimestres, para iso realizáronse múltiples avisos (sobre cursos de formación e diversos avisos) fundamentalmente a través do correo electrónico e a través da plataforma moovi, estando relacionados cos seus intereses. Estas comunicacións en diferentes casos tamén se fixeron por teléfono.
Os responsables foron principalmente a coordinación xeral da titulación, a secretaría académica, e a coordinación de campus e itinerarios.

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

*Accións de mellora*. Considerando a variedade de títulos de post-grao, que ten a Facultade e que nalgún título a coordinación está noutro centro ***(i.e., Mestrado en Profesorado; Mestrado Desafío das Cidades)*, a FETS establece accións comúns, de formación xeral, que son ofertadas a todos os títulos do centro, deste xeito pódese achegar este contido a todos os títulos do centro.**

**ACCIÓNS DESTINADAS A ESTUDANTES QUE NON INICIAN TITULACIÓN**

**Actividade 1. Instrución e seguemento do prácticum.**

*Descrición***.** O coordinador/a do prácticum **dos graos de Educación Infantil e Primaria** presentou o prácticum aos estudantes de 4º curso dos graos. O coordinador **do Grao de Traballo Social** informou de, forma presencial, das directrices fundamentais do prácticum. O/A coordinador/a do **mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos**, presentou de forma presencial, información e formación específica sobre a temática e presentase aos titores/as. No grao de **Educación Social,** o/a coordinador e coordinadora realizaron reunións a finais de maio, cos estudantes que realizaron o practicum neste curso. En concreto, fíxose unha reunión en segundo curso, para preparar o practicum de 3º e outra reunión con 3º para o practicum de 4º.

Posteriormente, cada profesor/a responsable de un grupo de estudantes, titorizou ese grupo de xeito permanente, comézase cunha reunión en xuño, e continuando de forma máis individualizada durante todo o curso seguinte.

*Data de realización*. As sesión impartidas nos títulos adáptanse a execución de cada prácticum, e as súas peculiaridades de cada titulación (ver evidencias ANEXO)

*Cuestións a destacar.* ***As coordinacións do prácticum fixeron un esforzo importante na formación ao estudantado cos cambios que require adaptarse a SIGMA, e tamén as novas esixencias vencelladas ao pagamento de prácticas.*** Tamén o equipo decanal apoiou ao coordinadores para conseguir que todos os estudantes teñan un destino de prácticas, cumprindo coas esixencias da normativa actual.

**Actividade 2. Instrución e seguemento do TFM.**

*Descrición*. Seminario sobre a realización do TFM, no **Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos**, novembro de 2022. Nesta sesión apórtase información e formación sobre as materias de carácter máis singular (TFM). Ofrécese consello e orientación para favorecer a toma de decisión máis acertada e satisfactoria para efectuar unha execución óptima do TFM. Os obxectivos xerais son os que seguen:

- Coñecer a normativa e guía didáctica da materia TFM.
- Describir as diferentes posibilidades de enfoque do traballo fin de máster.
- Valorar as temáticas elixidas polo estudantado de cara a facelas viables.
- Orientar no desenvolvemento dos diferentes procesos que supoñen a realización do traballo fin de máster.

**Impacto da actividade (número de estudante, consultas...):** 20 alumnos/as. Non se ten rexistro sobre as consultas efectuadas polo alumnado.

**Destacar (se é pertinente aspectos a mellorar e positivos):** Inclúe unha sesión na Biblioteca Rosalía de Castro, onde abordan como procurar literatura científica en diferentes bases de datos. Polo número de alumnado matrículado, trátase dunha actividade que suscita moito interese.

*Lugar e día de realización*. 8 a 10/11/2022. Seminario de apoio para a realización do TFM

O outros mestrados (i.e., ***Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos; Mestrado en Profesorado; Mestrado Desafío das Cidades***) vencellan a orientación ao desenrolo da docencia do titor/a título.

**Actividade 4. Realízase unha sesión informativa sobre os programas de mobilidade.**

*Descrición*. O/A coordinadora dos programas de mobilidade explicou as distintas bolsas de mobilidade, as que poden postularse os/as estudantes e os requisitos e documentación, que deben preparar. Neste caso a responsabilidade foi asumida pola profesora María Ainoa Zabalza.

*Lugar e día de realización.* Levouse a cabo varias sesións formativas e de seguimento para apoiar e orientar ao estudantado no proceso de selección e incorporación dos seus destinos. A síntese da actividade realizada ao longo do curso académico 2023-2024, concretase na seguinte Taboa2

*Avaliación da execución***.** A asistencia e participación dos estudantes foi importante, mostrando interese na información sobre mobilidade, dende cursos iniciais.

Taboa 2.Descripción das actividades realizadas en torno as bolsas de mobilidade.

| **Área**<br>**Responsable/s** | **Mobilidade da FETS CURSO 2023-2024**<br>**María Ainoa Zabalza Cerdeiriña** |
|---|---|
| **Breve descrición/resumo da mobilidade da FETS** | A Facultade de Educación e Traballo Social participa nos programas de mobilidade institucionais fomentando e apoiando a saída do estudantado, profesorado e PTXAS propio e acollendo ao externo (nacional e internacional).<br><br>O estudantado da facultade pode cursar parte das súas titulacións no estranxeiro a través de programas como Erasmus, ISEP, bolsas propias da universidade, e tamén participar en programas de mobilidade nacional como SICUE.<br><br>Os programas para o profesorado, como Erasmus e Iacobus, fomentan o intercambio de docencia así como a cooperación nacional e internacional.<br><br>O número de participantes que se acollen a estes programas xiran en torno aos 80 por ano, polo que se configura como un recurso cun alto valor engadido para a formación académica e persoal das persoas participantes. |

**Facultade de Educación e Traballo Social**
**Campus Auga, 32004 Ourense**
**Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal**

| | |
|---|---|
| **Reunións**<br>**Presenciais**<br>**Virtuais** | As reunión varían segundo o tipo e o obxectivo:<br>• reunións de coordinación coa ORI e a Vicerreitoría.<br>- 7/11, 28/02, 15/07<br>• reunións da Comisión de Relaciones Internacionais da facultade<br>-28/02, 15/03, 13/05<br>• reunións co estudantado saínte<br>-9/10, 30/11,<br>• reunións co estudantado entrante<br>-titorías individuais á súa chegada<br>• reunións co profesorado<br>-individuais coas convocatorias<br>• reunións individuais<br>-a petición dos interesados<br>As reunións poden ser tanto presenciais como virtuais dependendo tamén da urxencia e o obxectivo das mesmas. |
| **Acompañamento/xestións**<br>**Presenciais**<br>**Outros medios** | O acompañamento ao alumnado de intercambios é permanente, dende ás nominacións, asesoramento na elaboración dos contratos de estudos e as súas modificacións, apoio en todas as xestións académicas nas universidades de orixe e destino, comunicación cos responsables nas universidades de destino, recepción das cualificacións, cumprimentación das actas...<br>As sesións de acompañamento-orientación son tanto presenciais como virtuais ou por medios electrónicos cando xa están en destino. |
| **Estudantado atendido** | 70 alumnos e alumnas nos diferentes programas de intercambio nacionais e internacionais e entrantes e saíntes<br><br>Observación (estudantado con necesidades específicas de apoio): SI NON<br>Nº: |
| **Indicadores e evidencias de satisfacción das accións de mobilidade** | Enquisas ORI ao alumnado participante nos programas de intercambio |

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

INFORME: Accións PAT-ANEAE, 2º cuadrimestre curso 2023-2024

## 1.Presentación

As accións do 2º cuadrimestre do PAT-ANEAE están dirixidas a todo o estudantado dos graos e mestrados da Facultade de Educación e do Traballo Social de Ourense, aínda que se apoia moi especialmente aos estudantes de novo ingreso e aos PIUNE, en liña co ***PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO DO CENTRO***, que traballa por e para a accesibilidade universal, apostando por ofrecer unha **atención axeitada a diversidade** (vér paxina 5 do PDEC). De forma adicional e máis específica, realizáronse sesións de orientación académica dirixidas a preparar aos estudantes, particularmente os de 2º curso sobre a elección do itinerario académico vencellado as mencións dos graos de Educación Infantil e de Educación Primaria. De forma complementaria, ofrécense xornadas formativas de inserción laboral, particularmente aos estudantes de 4º, aínda que se posibilita esta oferta formativa a estudantes doutros cursos (i.e., 2º dos graos de educación infantil e de educación primaria). Do xeito adicional, proporcionouse unha formación específica sobre as saídas profesionais, vencellando as actividades programadas pola Vicerreitoría do Campus Auga coas sesións formativas que se realizaron na Facultade de Educación e Traballo Social. Tamén, se traballou cos estudantes de 4º curso para que abordaran, de forma eficaz e autónoma, as aprendizaxes adquiridas nas materias dos respectivos plans de estudos (i.e., TFG e Practicum). **Por último, crease un curso de formación en cuestións administrativas para que o estudantado adquira as competencias dixitais precisas para comunicarse coa administración, achegando este recurso a todos os títulos da Facultade a través da formación ofrecida por un técnico en informática.** Trabállase cos delegados/as de aula para crear unha rede cos/as estudantes, en especial cos que están en cursos superiores a 1º, de cara a incentivar a motivación polas accións do PAT-ANEAE, algúns xa participan no desenrolo das actividades do PAT-ANEAE.

## BLOQUE 1. ACCIÓNS TRONCAIS DO PAT-ANEAE

### Accións destinadas a estudantes de inicio de titulación

#### Actividade 1.-Reunión dos/as titores/as do PAT-ANEAE e o grupo de os/as estudantes titorizados/as.

*Descrición*. Cada titor/a mantivo unha segunda reunión co seu alumnado para valorar a marcha do curso académico, recoller as achegas que permitan mellorar o funcionamento da Facultade e dos Títulos, ademais de ofrecerlle orientacións de cara ao vindeiro curso académico. Tamén, se avalía e a percepción, que teñen do funcionamento do PAT-ANEAE, tratando de coñecer se o valoran como unha ferramenta útil. Lévase a cabo unha actividade de orientación e apoio en cuestións académicas relativas aos contidos, actividades e avaliacións das materias e as demandas dos/as estudantes. Esta acción está dirixida a todo o alumnado do centro, a cal é realizada polos distintos docentes das materias de cada un dos graos e dos mestrados.

*Avaliación da execución*. Nesta sesións permítennos extraer as fortalezas e debilidades detectadas no PAT-ANEAE.

En xeral, os/as titores e o profesorado do centro advirten da dificultade de implicar ao estudantado nas actividades (extra)académicas. Continuase traballando en facer visible as actividades do PAT-ANEAE, en especial cursos superiores a 1º e mestrados.

## BLOQUE 2. ACCIÓNS INFORMATIVAS DE INTEGRACIÓN

### Accións destinadas a estudantes que non inician titulación

#### Actividade 1. Información e orientación laboral

*Descrición*. A coordinación de Título e coordinación de PAT-ANEAE difunden nos medios de comunicación a iniciativa da Facultade de informar de ofertas laborais para os estudantes do Grao de Educación Infantil e de Educación Primaria, así como os títulos de Educación Social e de Traballo Social. Neste caso, a formación organizada para os graos de educación faise extensible aos mestrado de Diversidade e de Dificultades, pola coherencia que se presenta nos contidos dos conferenciantes cos títulos.

*Data de realización:* ABRIL na Sala Emilia Pardo Bazán

*Valoración*. Esta actividade só acudiron un número moi reducido de estudantes, aínda que os asisten recoñecen como positivo ter esta información para tomar decisión sobre os estudos complementarios ao grao. Neste caso concreto, realizouse unha enquisa previa na se identificou esta sesión como de interese para eles, mostrando preferencia por la exposición presencial. A continuación describe de forma detallada a opinión dos asistentes.

A continuación, mostrase a valoración do estudantado, concretado no seguinte análise: O estudantado que asistiu a sesión procedían dos graos de educación infantil (61.8%) e de primaria (38.2%).




No tocante ao curso, o porcentaxe máis alto son de 2º curso (94.1%), e o restante de 1 e 3.




No que se refire ao xénero o porcentaxe máis alta son mulleres (92.6%), fronte ao 7.4% que son homes.




A valoración da información recibida, en xeral, é moi positiva, en tanto que as porcentaxes máis altas acadan puntuacións, que están moi por encima da media.




No tocante a ideoneidade e adecuación da sesión para súa orientación académica e profesional podemos observar que, de forma maioritaria, informan positivamente.




En canto a selección da preferencia pola sesión, observase que existe diversidade de opinión, sendo afondamento curricular unha das elección de preferencia.




**2º Sesión. Información sobre o procedemento que se debe seguir para presentarse a función publica no corpo de Mestres e profesor de secundaria.**

O estudantado que asistiu a sesión procedían de forma repartida, dos graos de educación primaria e de infantil.




O estudantado que asistiu a sesión informativa procedía de 3º curso dos graos de Educación




O 100% do estudantado asistente era de xénero femenino.



A valoración que fixeron da sesión obtén unha puntuación é moi alta, o cal verifica a idoneidade e eficacia da mesma.




No tocante aos contidos abordados tamén foi ratificada a idoneidade da mesma.




No que se refire se recomendaría a un compañeiro a asistencia a esta sesión, a resposta e todos os casos é afirmativa. En concreto, estas son as principais manifestacións reflexadas, a saber: 1 “Si porque se tratan temas de gran interese para o noso futuro dos cales non temos nin siquera a informacion básica”; 2 “Si, porque a maioría do alumnado de educación tanto primaria como infantil nun futuro se presentará as oposicións e ter información sobre este tema, considera que é moi recomendable”. 3 “Si, é moi enriquecedora á hora de presentarse a oposición”. 4”Si, non so é moi interesante senón que é moi recomendable para o noso futuro”.

**Facultade de Educación e Traballo Social**
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

*Recomendacións de cara o futuro*. Recomendase realizar estas accións formativas dentro dun programa de formación complementaría para o estudantado, de maneira que os que acudan a estas formación teñan o recoñecemento da certificación en tempo de formación.

**Descrición das acción de orientación profesional no GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E OS MESTRADOS DE DIVERSIDADE E DIFICULTADES CURSO 2023-2024**






Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

Seguidamente concrétanse as accións de formación laboral nos graos de educación social e traballo social.

**Grao de Educación Social.**

| Descrición das acción de orientación profesional no GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL CURSO 2023-2024 | |
|---|---|
| **Área** | **FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL** |
| **Título** | **ÁMBITOS PROFESIONAIS DA EDUCACIÓN SOCIAL** |
| **Responsable/s** | **JESÚS DEIBE FERNÁNDEZ SIMO** |
| **Breve descrición/resumo das accións de formación de orientación e formación profesional da FETS** | **Convidouse a diferentes profesionais da educación social con recoñecida traxectoria en cada un dos seus ámbitos.**<br>- **Infancia e adolescencia: José Ignacio Rivera (ex director do CEM A Carballeira) e Alba Ojea (Directora BAOQUIVI)**<br>- **Acompañamento a persoas vulnerables. Ana Pardo (Directora de Provivienda).**<br>- **Acompañamento a mulleres vítimas de trata. Raquel Fernández (Educadora Social de Alumar).**<br>- **Intervención con TEA. Laura Barreiros (educadora social en Alumar).**<br>- **A asesoría sociocomunitaria. Rubén Varela (Educador social propietario de ATEULIER)**<br>- **Acompañamento en saúde mental. Felix Estévez de FEAFES Galicia.** |
| **Reunións**<br>**Presenciais**<br>**Virtuais**<br><br>**Acompañamento/xestións**<br>**Presenciais**<br>**Outros medios** | **Observación:**<br>**As sesións tiveron lugar de forma presencial os días 5, 19 e 26 de febreiro e o día 4 de marzo. Todas as as sesión foron presenciais ese iniciaron ás 16.30 horas. Duración 120 minutos.** |
| **Estudantado atendido** | **Observación (estudantado con necesidades específicas de apoio): SI NON**<br>**Nº:** |
| **Indicadores e evidencias de satisfacción das accións de formación de orientación e formación profesional da FETS** | |

**Grao de Traballo Social**




**Actividade 2. Información e orientación sobre o Practicum e do TFG dos graos de Educación Infantil e de Primaria**

*Descrición*. Neste curso académico debido as mudas que se fixeron na plataforma administrativa do TFG, que se leva a cabo a través da plataforma SIGMA neste curso académico a sesión orientativa do TFG realizase no mes de setembro de 2024.

*Avaliación da sesión.* Dos 91 estudantes que asistiron a esta sesión informativa sobre o prácticum, comprobamos que houbo unha representación importante do grao de primaria (59.3%) e tamén do de infantil (40.7%), maioritariamente pertencen a 3º (98.9%) curso. Polo xénero, o porcentaxe máis elevado son de xénero feminino (81.3%), fronte ao 18.7% que son homes.

**Facultade de Educación e Traballo Social**
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

Por favor, concrete a TÍTULACIÓN
91 respuestas




Por favor, concrete o curso que está a realizar
91 respuestas




Por favor, concrete o seu xénero
91 respuestas




No tócante a valoración que o estudantado fan da sesión formativa, en xeral, foi moi positiva, en tanto que a maioría dos asistentes outorgoulle unha puntuación que está por encima do punto de corte ou media (x=5), sendo a puntuación de notable alto a que obtivo unha porcentaxe máis alta 27.5%. Cabe salientar que incluso o 8.8% lle dou a puntuación máxima (10 puntos).




No que se refire a idoneidade desta acción formativa dentro do PAT-ANEAE, observamos que o 51.6% outorgáronlle a máxima puntuación.




No tócante a información máis relevante do PRÁCTICUM destacamos os seguintes aspectos, a saber:

| FORTALEZAS | DEBILIDADES/NECESIDADES |
|---|---|
| Aspectos administrativos: Documentos que hai que presentar (anexos), A tramitación do Practicum (matricula), o proceso de selección do centro, calendario para entregar documentación (cando hai que facer cada trámite). Boa información sobre o proceso, como solicitar o NUSS, | Debería haber sido antes (2 veces), porque xa pecharon os prazos de algunhas bolsas |
| datos | Ter información máis clara para facer prácticas en colexios privados |
| Os diferentes tipos de prácticas que se poden levar a cabo | finalmente logrei comprender o proceso de selección de colexio e de cubrir os documentos. Aínda que se debería haber |

| | |
|---|---|
| | comezado por a carta do Decano porque e o primeiro paso |
| Bolsas no rural<br>Información necesaria, novidades relacionadas coa lexislación<br>Todo era de suma importancia | |

**Recomendaría a un compañeiro que acuda as sesións do PAT-ANEAE. Xustifique a súa resposta.**

Todos responderon afirmativamente, algúns argumentos:

1) os alumnos non acostuman ler ou encontrar a información, entón non saben que trámites deben facer
2) considero que neste tipo de reunións son necesarias para coñecer ós procedementos a levar a cabo.
3) É unha parte esencial na carreira polo que ter a maior cantidade de información posible é o mellor, especialmente tendo en conta a información que se aporta nesta charla, xa que se tratan cuestións relevantes como a documentación.
4) porque se da información necesaria para realizar os trámites

**No tócante ao PRACTICUM DO GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL**

Realizáronse as seguintes actividades

**Descrición prácticum GRAO EDUCACIÓN SOCIAL Curso 2023-2024**

| **Área** | **Prácticum CURSO 2023-2024** |
|---|---|
| **Título** | **REUNIÓNS DE ORIENTACIÓN PRÁCTICAS EDUCACIÓN SOCIAL** |
| **Responsable/s** | **JESÚS DEIBE FERNÁNDEZ SIMO** |
| **Breve descrición/resumo das practicas externas da FETS** | **Realizáronse dúas reunións presenciais e tres virtuais nas que se orientou ao alumnado sobre a normativa de realización de prácticas, os procesos documentais e os calendarios previstos.** |
| **Reunións**<br>**Presenciais**<br>**Virtuais** | **Observación:**<br>**- 25 de abril reunión presencial ás 16 horas. 65 estudantes e orientase sobre o proceso de prácticas.**<br>**- 2 de maio reunión presencial ás 9 horas. 12 estudantes e orientase sobre o proceso de prácticas**<br>**- 3 de maio reunión virtual ás 16 horas. 23 estudantes e orientase sobre a solicitude de entidades para as prácticas**<br>**- 28 de xuño reunión virtual ás 16 horas. 25 estudantes e resólvense dúbidas ou** |

**incidencias no proceso de solicitude de prácticas.**

- **4 de xullo reunión virtual ás 9 horas. 12 estudantes e resólvense dúbidas sobre os procesos de prácticas.**

| | |
|---|---|
| **Acompañamento/xestións**<br>**Presenciais**<br>**Outros medios**<br>**Estudantado atendido** | **Observación (estudantado con necesidades específicas de apoio): NON**<br>**Nº:** |
| **Indicadores e evidencias de satisfacción das accións de practicas externas** | |

**No tocante ao PRACTICUM DO GRAO DE TRABALLO SOCIAL**

Sesión formativa PRACTICUM no grao de TRABALLO SOCIAL, curso 2023-2024



Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

2022/2023 / Titulacións Oficiais / Grao en Traballo Social / 2223-O05G220-PRAC2324 / Anuncios / SESIÓN INFORMATIVA INICIAL PRÁCTICUM CURSO 2023/2024

# Anuncios

Foro Axustes Cualificación avanzada Subscricións Informes Máis

## SESIÓN INFORMATIVA INICIAL PRÁCTICUM CURSO 2023/2024

Bolsas de desprazamento para estudantes que realizan prácticas curriculares ►

Presentar respostas de forma aniñada | Mover este debate a ... | Mover | Axustes

**SESIÓN INFORMATIVA INICIAL PRÁCTICUM CURSO 2023/2024**
por Raquel Vázquez Pérez - martes, 7 de febreiro de 2023, 9:46 PM

**Día:** 14.02.2023
**Hora:** 17.30-19:00 h

**Aula:** Aula 0,5 - Campus Ourense- Facultade Educación e Traballo Social

Prezado alumnado,

En relación ao Practicum do Grao en Traballo Social que realizaredes o vindeiro curso académico 2023-24, convocovos á sesión informativa inicial que terá lugar o próximo **martes 14 de febreiro**, na que trataremos, entre outras, as seguintes cuestións:

1- Aspectos xerais do Practicum do Grao de Traballo Social.

2- Incio do procedemento do Practicum, na Secretaría Virtual.

3- Entidades de realización das prácticas externas.

4- Calendario resumo de pasos a seguir.

Un saúdo

**Facultade de Educación e Traballo Social**
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal















## Xornadas sobre divulgación do prácticum en traballo social

**6 de xuño de 2023**
Aula en remoto: 1.2
Acceso Campus Remoto:
https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/1051292828
Contrasinal estudiante: Cfs22mZY

Dirixidas ao alumnado do Grao de Traballo Social que cursen o Prácticum no curso 2023-2024.

Organiza: Coordinación do Prácticum do Grao de Traballo Social.
Raquel Vázquez Pérez e Yolanda García Vázquez.

### Parte privada

16.30 h. Encontro entre profesionais: presentación, divulgación da labor das entidades de prácticas e información sobre a alta na Seguridade Social do alumnado en prácticas.

**Xosé Manuel Cid Fernández**
Decano da Facultade de Educación e Traballo Social.

### Parte pública

17.00 h. Presentación de entidades ao alumnado: divulgación do traballo a realizar, coñecemento das actividades, de experiencias e de requerimientos. Solucionar dúbidas.
Coa participación de:

17.00 h. Fundación diagrama: personal responsable dos centros de menores Monteledo, Montefiz e Montealegre.

17.25 h. Consorcio de igualdade e benestar:
**Ana González Prado**
Diplomada en Traballo Social. Directora do centro de día de Coles.

17.50 h. Aldeas infantiles:
**Mª Elvira Peña González**
Directora dos Centros de Atención de Día de Aldeas Infantiles SOS Galicia.
Paula Covelo Roma.
Técnica do Programa de Familias dos Centros de Atención de Día de Aldeas Infantiles SOS Galicia.

18.15 h. Fundación aldaba:
**Aida Cid Díaz**
Diplomada en Traballo Social e Máster en Mediación e Orientación Familiar. Responsable do programa "Ao seu lado" (programa de servizos de apoio á acción curatelar da FUNGA) en Ourense.

18.40 h. Asociación provivienda:
**Ana Pardo Fernández**
Diplomada en Traballo Social. Responsable de Provivienda en Galicia.

19.05 h. Atendo-servizos e programas:
**Silvia María Montes Castro**
Educadora infantil, educadora e traballadora social. Coordinadora centros e programas ATENDO Galicia.
**Helena Rodríguez Rodríguez**
Traballadora social. Responsable de coordinación SAD ATENDO Galicia.
**María Nieves Freire Barea**
Traballadora social e Mediadora. Coordinadora SAD Vigo ATENDO Calidade.

19.30 h. Federación mulleres rurais-Verín (FEMURO):
**Jane Liz Peña**
Coordinadora encargada dos programas sociais da entidade.

20.00 h. Ágape

**Facultade de Educación e Traballo Social**
**Campus Auga, 32004 Ourense**
**Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal**

**Actividade 3. Información e sobre as mencións**

*Descrición*. Fundamentalmente a coordinación do título do Grao de Educación Infantil e de Primaria informan de cada un dos itinerarios das mencións e das implicacións, que a elección vai a ter, para súa carreira profesional (i.e., oposicións, traballo en centros privados). No resto dos títulos no ten cabida está formación específica porque carecen de distintas ramas ou especialidades.

*Data*. Marzo no horario lectivo dos estudantes en colaboración co profesorado.

*Valoración*. Esta actividade foi valorada moi positivamente, tal e como evidencian os seguintes datos.

| Descrición da sesión formativa das mencións no grao de Educación Infantil e de Educación Primaria |
|---|
|  |



**Valoración da intervención.** A participación foi moi alta e as intervencións do estudantado tamén, a pertinencia e adecuación dos contidos foron confirmados na enquisa de satisfacción polos estudantes tanto de educación infantil como de primaria. A organización da sesión, de forma independente da sesión de saídas profesionais e dos títulos de educación infantil e primaria, están apoiadas pola enquisa, pero tamén pola dinámica que se xerou en cada sesión, que resultou totalmente distinta, dado que o estudantado de ambas titulación presentaron inquietudes diferenciadas. Por todo elo, recomendase seguir mantendo a dinámica de implementación, en liña con este curso académico. A continuación, preséntase, de forma detallada, os datos recollidos do estudantado asistente nas sesión.

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

Por favor, concrete a TÍTULACIÓN
68 respuestas




Por favor, concrete o curso que está a realizar
68 respuestas




Por favor, concrete o seu xénero
68 respuestas



**Facultade de Educación e Traballo Social**
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

Por favor, valore a información que recibiu nesta acción formativa
68 respuestas




Por favor, valore se considera oportuna esta sesión para súa orientación académica e profesional
68 respuestas




Por favor, indique que mención seleccionaría. Justifique a resposta
68 respuestas



**Facultade de Educación e Traballo Social**
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

Por favor, valore se considera oportuna esta sesión para súa orientación académica e profesional

Copiar

68 respuestas




Por favor, indique que mención seleccionaría. Justifique a resposta

Copiar

68 respuestas



**Facultade de Educación e Traballo Social**
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

# Anexos

## ANEXO I. Acta que evidencia a reunión entre coordinación do PAT-TITORES/AS DO PAT-ANEAE

Universida de Vigo

Facultade Educación e Traballo Social
Campus de Ourense
32004 Ourense
Tel. 988 387 101
Fax 988 387 159
sdexbo@uvigo.es

Reunidos a coordinación do PAT-ANEAE (curso 2023/2024) e os/as titores/as na sala virtual 2651 do Campus Remoto da Uvigo, dende ás 10:00 ata ás 11:00 horas do **día 15 de setembro de 2023**, acordouse:

1º) Abordar as mesmas cuestións que o curso precedente (2022-2023) na primeira sesión do PAT, incidindo especialmente na necesidade de darse alta na lista de distribución.

2º) A comunicación do titor/a co estudantado titorizado seguirá o protocolo habitual, neste caso o correo electrónico. Quedando a disposición do titor/a recorrer a outras vías ou canles de comunicación, que permitan garantir que está informado, e que tamén faciliten a adherencia ao PAT-ANEAE.

**Asisten a reunión:** Angel Vazquez Dorrio; Breogán Riobóo Lois; Carla María Míguez Alvarez; Joseba Delgado Parada; María José Vázquez Figueiredo; María Ainoa Zabalza Cerdeiriña; María Ángeles Conde Rodríguez; María del Mar García Señorán; María Mercedes González Vázquez; Monica Rodríguez Enríquez; Mónica López Viso; Rubén González Rodríguez; Valentín Iglesias Sarmiento; Xose Constenla Vega; Yolanda Rodríguez Castro; Yolanda García Vázquez; Almudena Alonso Ferreiro

**Escusa a súa presenza:** Manuel Isorna Folgar; Jesús Deibe Fernández Simo; María Victoria Carrera Fernández; Xosé Manuel Cid Fernández; María Victoria Fernández Carballo Calero; Raquel Vázquez Pérez

E para que así conste ao efectos oportunos asino a presente a 20/09/2023

VAZQUEZ FIGUEIREDO MARIA JOSE - [illegible]

Fdo. Coordinación PAT

**Facultade de Educación e Traballo Social**
**Campus Auga, 32004 Ourense**
**Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal**

## Anexo II. Acta sesión ordinaria. Reunión delegados de aula

### ACTA SESIÓN ORDINARIA
### ACCIÓN PAT-ANEAE. Reunión Delegados de Aula

O martes, 30 de xullo de 2024, sendo as 12:00 horas, na sala virtual da coordinación do PAT-ANEAE da Facultade de Educación e Traballo Social debatéronse cos/coas axentes que participan nas accións do PAT-ANEAE convocados/as á reunión as seguintes cuestións:

**1º AGRADECEMENTOS.** A coordinación agradece aos delegados/as de curso dos distintos títulos a colaboración e apoio ao desenvolvemento do PAT-ANEAE, no curso académico 2023-2024. Do mesmo xeito, agradécese ás coordinacións dos títulos a súa presenza na reunión e colaboración coas accións vencelladas ao PAT.

**2º PRESENTACIÓN AOS DELEGADOS/AS DE CURSO DA PERSOA RESPONSABLE DA COORDINACIÓN DO PAT-ANEAE,** no curso académico 2024-2025, profesora de Traballo Social Yolanda García Vázquez, a quen se lle agradece o seu ofrecemento para asumir a xestión do PAT-ANEAE.

**3º AVALIACIÓN DO CURSO 2023-2024.**

3.1. A intervención dos delegados/as de curso deixa patente que existe e se produce, de forma habitual, unha boa comunicación entre profesorado e estudantado. Refiren que se sinten escoitados e apoiados.

> **De forma máis concreta, a delegada de 3º do grao de educación primaria,** relata que, ante un problema formulado con relación aos horarios se solucionou de xeito rápido e áxil. A delegada tamén indicou que o estudantado realizou unha petición con relación á titorización do prácticum, no senso de que se requiría que o estudantado contara coa titorización de profesorado especialista na mención que se estaba a cursar no prácticum, ao que indica que aínda non se lle achegara unha resposta. Ao respecto, **a coordinadora do Grao de Educación Infantil** aclarou as medidas que o centro acometerá, no vindeiro curso 2024-2025, para poder dar resposta á solicitude emitida polo estudantado. En concreto, aclarouse que resulta imposible garantir que todo o estudantado, que esté a facer unha mención con especialización, poida contar cun titor/a especilista nesa área, en tanto que a porcentaxe de profesorado especialista é moi inferior á porcentaxe de estudantado que demanda este tipo de atención especializada. Neste caso concreto, dispóñense de dúas medidas, a saber: 1) sesións expositivas impartidas por profesorados especializado das mencións para todo o estudantado; 2) sesións grupais coordinadas por especialistas e titores/as para grupos máis reducidos. Indicando que se proporcionará unha resposta por escrito para que se poida trasladar ao estudantado interesado.
>
> **Pola súa banda, o representante do estudantado de 2º de educación primaria e da delegación do estudantado,** recomenda adoptar algunha medida que permita ao estudantado de cursos superiores a 1º (nos que existen dúas reunións pautadas polo protocolo vencellado á guía do PAT-ANEAE), **poidan contar con algún tipo de seguimento e apoio que permita recoller as demandas destes cursos**. Tamén recalca o positivo que resultaron as sesións expositivas sobre as mencións, xa que axudaron a clarificar de forma moi adecuada as dúbidas iniciais que xurdían en torno á especilidade que seleccionar. Fai referencia a que a DELEGACIÓN de estudantado está para representar a todos os títulos, incluíndo traballo social e educación social, ao tempo que recalca a importancia de participar e motivar a inclusión do estudantado neste tipo de dinámicas. Tamén fai referencia a que algunha **XORNADA organizada polo grao de EDUCACIÓN SOCIAL non respecta os espazos universitarios, en tanto que compromete a vida académica e a convivencia coas clases, dado que se realizan prácticas que deberían acometerse fóra da contorna do espazo físico do campus universitario.**

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

**Incidindo na importancia de diferenciar entre o académico e ámbito de lecer, o cal ten outros espazos propios.**

**Pola súa parte, o delegado de 2º curso de educación infantil,** pola necesidade de presentar xustificantes para solicitar os cambios do grupo pequeno C. Ao respecto, a coordinadora do grao de educación primaria respondeulle que toda esta información está publicada na WEB da Facultade, onde aparece o formulario de solicitude e tamén o regulamento. Aclara tamén que o procedemento aplicado baséase nestes criterios para garantir a imparcialidade e neutralidade na asignación, respectando as particularidades e necesidades específicas que contempla o regulamento. Aclara que con este método garántese a igualdade de oportunidades.

**A delegada de 4º curso do grao de Educación Infantil comenta algunhas incidencias sobre as xuntanzas de titorización do alumnado de 1º no marco do PAT-ANEAE, tanto con respecto á falta de asistencia do alumnado como, incluso nalún caso, de titor ou titora responsable.**

**A delegada de 3º curso do grao de Educación primaria** informa que existen aulas que non teñen os enchufes necesarios para poder empregar os seus aparellos electrónicos, **en concreto indica as aulas 2.5 e 2.6.**

**O titor do grao de educación social que estivo presente na reunión** achega, a través do correo electrónico, que nas sesións de titoría o estudantado refiere que se precisan máis contidos prácticos, e incentivar a motivación do estudantado nas accións do PAT-ANEAE.

De forma unánime os delegados/as presentes na reunión puxeron de relevo que o PDI da FETS debería prestar especial atención ás seguintes cuestións:

1º) **Estudar a forma de acometer os traballo de equipo ou grupo, de tal xeito que se teña en consideración o esforzo individual,** xa que o traballo cooperativo e colaborativo non sempre se chega a alcanzar. Neste senso, os estudantes que desexan obter unha boa calificación vense acometidos a realizar a súa parte e a daqueles que non se responsabilizan do seu traballo. Asemade, tamén se deixa claro que lles interesa integrar aos non cumpridores, pero sen deixar de ter ou facer unha apreciación diferencial do esforzo que se realiza de xeito individual.

2º) Solicitan que se teña en conta nas materias a aportación creativa e de profundización que desexa facer un estudante, por iniciativa propia, e que este esforzo non recaia exclusivamente nun exame memoristico.

3º) I**ndican que o profesorado debería reflexionar sobre o feito de demandar menos traballos, garantindo ademais a súa supervisión e retroalimentación, necesaria para que se produza de xeito óptimo o proceso de ensino-aprendizaxe.**

4º) Indican que tamén **lles gustaría contar con rúbricas dos traballos, non só porque entenderían mellor as correccións, senón que tamén tería claro deste xeito cara a onde deben dirixir o seu esforzo.** Neste punto tamén se matiza que teñen que ser rúbricas claras, porque nalgunhas ocasións é dificil saber que se solicita.

5º) Por último, **sinalar que os/as delegados de curso mostraron o seu interese en participar nas sesión de acollida, do curso 2024-25,** para incentivar a participación na representación de delegado de curso do novo estudantado.

3.2. Intervención do PDI presente.

Tras a exposición de todos os delegados de curso procede a intervención da coordinación quen, de forma xeral, agradece a participación do estudantado e as achegas

**Facultade de Educación e Traballo Social**
**Campus Auga, 32004 Ourense**
**Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal**

feitas. Tamén se responden as preguntas e cuestións formuladas polos/as delegados/as. De forma particular, a próxima coordinadora do PAT-ANEAE aporta tamén a necesidade de facer autocrítica e adicar tempo a lecturas especifícias nas materias. De forma complementaria, a coordinación actual expón, a modo exemplo e coa finalidade de evidenciar e compartir co estudantado, que o PDI reflexiona moi a miúdo sobre todas as cuestións expostas e que fai tamén un exercicio de autocrítica de cara á mellorar a calidade do servizo que ofrece ao estudantando para que adquiran unha boa formación de cara á súa futura inserción laboral. Tamén indica que as lecturas son moi necesarias, que comparte co estudantado libros para que por iniciativa propia se automotiven. Tamén manifesta o acordo coa necesidade de motivar e que este proceso debe partir do extrínseco ao intrínseco. Nesta liña o equipo decanal está a estudar fórmulas que permitan incentivar esa motivación a que fan referencia aos delegados de aula para aumentar a participación nas accións do PAT-ANEAE. Pola súa banda, **a coordinación de traballo social apunta a posibilidade de realizar traballos conxuntos entre distintas materias**, o cal require un exercicio importante de traballo en equipo das coordinacións de curso e grao, aludindo tamén á falta de respresentación do estudantado de traballo social, cuestión á que fai referencia así mesmo a futura coordinadora de PAT-ANEAE. **Sobre a participación dos delegados de aula, a coordinadora do PAT-ANEAE indica que é un reto que non chegou a alcanzar, así como a colaboración interdisciplinar entre os delegados dos distintos títulos da FETS, cuestión fundamental para unha facultade que desexa preparar a profesionais que teñen que traballar en equipos interdisciplinares, sendo un reto que traslada á futura coordinadora. Tamén se resalta a ausencia dos delegados que representan o grao de educación social.**

Péchase a sesión ás 13:50 co compromiso de compartir a acta entre todos/as presentes para que poidan facer as oportunas achegas, antes de pechala como definitiva.

En síntese, os asistentes indican que resultou moi productivo e reconfortante poder ter un foro onde debater sobre o discorrerr da vida académica na FETS.

*ASISTENTES*: **PDI:** María José Vázquez Figueiredo (coord. PAT-ANEAE), Ana Iglesias Álvarez (coord. GRAO EDUCACIÓN PRIMARIA), Cermen Verde Diego (Coord. GRAO TRABALLO SOCIAL), Antonio González Fernández (Coord. GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL), Yolanda Garcia Vázquez (Coord. PAT curso 2024-2025). Joseba Delgado Parada. (TITOR DO GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL)

**Escusan a súa ausencia: María Isabel Mociño (Decana e coordinación de Educación Infantil)**.

**Delegados/as de curso e aula:**
Carlota Cerqueiro Tilves (3º Educación Primaria)
Jairo Rodríguez Martínez. (2º Educación Primaria e Representante estudantado)
Pablo Rivas García (2º de Educación Infantil)
Sandra González Viana (4º Educación Infantil),
**Escusan a súa ausencia:** Lucía Rodríguez Pereira (3º Traballo Social), Érika Rodríguez Vázquez (2º Educación Primaria).

## ANEXO II. Listado de asistentes recollidos no campus remoto

**Facultade de Educación e Traballo Social**
**Campus Auga, 32004 Ourense**
**Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal**



bbb-784147098[users-list]_2024-7-30_12-3.txt: Bloc de notas

Archivo Edición Formato Ver Ayuda

Lista de usuarios/as en la reunión 784147098 en 30/7/2024:12:03:44

Ordenados por nombre:
Ana María Iglesias Álvarez
Antonio González Fernández
Carlota Cerqueiro Tilves
Jairo Rodríguez Martínez
Joseba Delgado Parada
María José Vázquez Figueiredo
María del Carmen Verde Diego
Pablo Rivas García
Sandra González Viana
Yolanda García

Ordenados por apellido:
Ana María Iglesias Álvarez
María del Carmen Verde Diego
Antonio González Fernández
María José Vázquez Figueiredo
Pablo Rivas García
Yolanda García
Jairo Rodríguez Martínez
Joseba Delgado Parada
Carlota Cerqueiro Tilves
Sandra González Viana

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

## SÍNTESE DAS ACTAS DOS TITORES POR CADA GRAO

1 CUADRIMESTRE

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

**INFORME QUE SINTETIZA O RECOLLIDO NAS ACTAS DOS TITORES/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL.**

Total estudantado que acuden a primeira reunión do PAT: 27 estudantes

**NECESIDADES E INCIDENCIAS**

*Cuestións tecnolóxicas*. Non funciona ben a Wifi, incidencia que tamén aparece recollida noutro títulos (i.e., traballo social) (2).

*Demanda de información*: número de créditos que teñen os cursos de extensión universitaria, ERASMUS, optativas (2).

*Canles de comunicación:* solicitan que lles chegue por vías non dixitais "As alumnas consideran que é demasiada a información que se lles da a través das plataformas telemáticas (Moovi, redes sociais, mensaxes ao correo), polo que recomendan que se poñan carteis das diferentes actividades nos taboleiros da facultade". Solicitan que a información lles chegue a de forma presencial (3).

*Espazos que faciliten a interacción*. Solicitan un espazo para poder reunirse e falar, sen ter que recorrer a unha cafetería (3).

(3) Cuestións académicas: Informan que algunhas materias os docentes non teñen boa coordinación (3). Solicitan que as saídas de campo se informen con suficiente antelación e se aclaren se son obrigatorias ou non (3). Solicitan información das convalidación das materias (3). Non teñen coñecemento da evolución das notas, demandan ter retroalimentación para poder saber se teñen que ir a avaliación final (4).

**FORTALEZAS**

*Crease rede para salientar conflitos*. Establécese un canal para mediar en posibles conflitos (1).

*Satisfacción co título e o funcionamento da Facultade e recursos*. Pensan que o grao está ben organizado " titores" (2). -A valoración do primeiro cuadrimestre é boa, están aprendendo e gústalles o grao (4). - Estiman que o nivel de carga de traballo é axeitado. Non teñen excesiva carga e está ben distribuída. Teñen a súa disposición o cronograma. Están contentas cos servizos que presta a facultade. • As aulas específicas do Pavillón 1 gústanlle moito (Aula modelo de Educación Infantil, Aula de Educación Especial...) (3)

***PROPOSTA DE MELLORA***.

***Transmitir a información das sesións informativas ou outras formacións da Facultade, de forma directa no grupo, a través dun docente que colabore, coordinador de curso ou de grao.***

Remitido aos titores e coordinadores de título: 16/01/2024

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

**INFORME QUE SINTETIZA O RECOLLIDO NAS ACTAS DOS TITORES/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL.**

Total estudantado que acuden a primeira reunión do PAT: 50 estudantes

**NECESIDADES E INCIDENCIAS**

***Cuestións tecnolóxicas.***

***Espazos que faciliten a interacción.*** Demandan un espazo que facilite a interacción entre eles, onde poidan falar (demanda tamén do grao de educación infantil)

**FORTALEZAS**

***Satisfacción co título e o funcionamento da Facultade e recursos.*** Indican que en xeral a adaptación está a ser adecuada e non encontran dificultades salientables en relación cos distintos procedementos e adaptación a marcha das aulas.

**Boa adherencia dos/as titores/as. Número importante de estudantes que acoden as titarías.**

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

**INFORME QUE SINTETIZA O RECOLLIDO NAS ACTAS DOS TITORES/AS DE EDUCACIÓN SOCIAL.**

Total estudantado que acuden a primeira reunión do PAT: 21 estudantes

**NECESIDADES E INCIDENCIAS**

Cuestións académicas:

**1)Feedback:** O estudantado demanda recibir información sobre o curso, e co desenrolo das materias, salvo coa metodoloxía dunha das materias.

**2)Coordinación en materias impartidas por máis dun profesor:** O estudantado informa que a información que lle transmite o profesorado sobre o proceso avaliador non é clara.

**3)Metodoloxía:** Nunha materia sobre a metodoloxía que aplica a docente, non ten a materia en MOOVI (observado en dúas actas). "non recibir clases senón simplemente facer un traballo grupal que consiste en analizar certos manuais e pasar ese traballo a outro grupo que debe correxilo" (relatado por 12 estudantes)

**FORTALEZAS**

*Satisfacción co título e o funcionamento da Facultade e recursos*.

Satisfacción xeral. O estudantado manifesta que se atopa contento e adaptado ao centro e ao funcionamento destes primeiros meses do 1º cuadrimestre.

*Cuestións sobre as que reflexionar e indagar.*

Valorar e constatar a información aportada polo estudantado asistente coa totalidade do grupo aula, de cara a deseñar algunha medida, de ser preciso.

**INFORME QUE SINTETIZA O RECOLLIDO NAS ACTAS DOS TITORES/AS DE TRABALLO SOCIAL.**

Total estudantado que acuden a primeira reunión do PAT: 31 estudantes.

**NECESIDADES E INCIDENCIAS**

*Cuestións tecnolóxicas.* Non funciona ben a Wifi, incidencia que tamén aparece recollida noutro título (i.e., educación infantil).

*Demanda de información*: reiterar información recollida na sesión de acollida, non está internalizada.

(3) Cuestións académicas:

**Horarios.** Consideran que o horario proposto é "matador", suxiren que teñan docencia un día máis en lugar de telo todo de luns a mércoles, xa que a disposición actual dificulta o acceso ao transporte público, para aqueles estudantes que non teñen coche propio e non residen próximos ao campus. No que respecta aos grupos medianos seguen a ter horas mortas no 2º cuadrimestre, cando se lle había indicado que se lle compensaría (en concreto os grupos GP6 e GP2), teñen máis horas mortas entre clase.

**Proceso de Eleccións e Designación de Delegados/as:** Os estudantes preguntan sobre o proceso de elección de delegados, mencionando atrasos na convocatoria e o desenvolvemento destas eleccións. Este punto require unha revisión para garantir transparencia e eficiencia no sistema de representación estudantil.

**Servizo de Atención Psicopedagóxica:** Existe interese e preocupación entre os estudantes acerca do servizo de atención psicopedagóxica. Suxírese abordar este aspecto para garantir un apoio efectivo á saúde mental e o benestar psicolóxico da comunidade estudantil. Actualmente está cuberto polos psicólogos do Colexio Oficial de Psicólogos.

**Mobiliario:** A comodidade nas instalacións tamén foi obxecto de comentarios, especialmente en relación coas cadeiras, que foron descritas como algo incómodas. Este aspecto suxire a importancia de avaliar e mellorar o mobiliario utilizado nas aulas.

**Temperatura nas Aulas:** Destácase que, durante as primeiras semanas do curso, algúns estudantes experimentaron incomodidades relacionadas coa temperatura nas aulas, resaltando a necesidade dunha xestión máis eficiente do clima interno (recollido noutras titulacións).

**FORTALEZAS**

*Satisfacción co título e o funcionamento da Facultade e recursos.*

**Localización da Universidade:** Entre os aspectos positivos, destaca a localización da universidade, percibida como favorable polos estudantes. Este elemento pode ser aproveitado para incentivar decantarse por esta Facultade.

**Contido do Plan de Estudos do Grao de Traballo Social** no programa de materias do primeiro cuadrimestre tamén foi identificado como un aspecto positivo polos estudantes.

**Ambiente Académico:** Resáltase de maneira positiva o ambiente académico, suxerindo que os estudantes valoran a calidade do ensino e a interacción no

Facultade de Educación e Traballo Social
Campus Auga, 32004 Ourense
Tel. 988 387101 sdexbo@uvigo.gal

## SÍNTESE DAS FORTALEZAS/AVANCES E CUESTIÓNS DE MELLORA

| ANEXO IV. SÍNTESE DO INFORME PAT-ANEAE-CURSO 2023_2024 |
|---|
| **FORTALEZAS/AVANCES** |
| **1º) Elabóranse distintas vías para recoller información, de cara a adaptar cada curso académico o cronograma e funcionamento do PAT-ANEAE, ás necesidades específicas do centro (i.e., enquisas, reunións con titores/as, reunións con coordinadores de curso-título, enquisas de avaliación, avaliación de intereses previos).** |
| **INDICADORES NOS QUE SE AVANZARON** |
| **1.-Inicio da creación de contido dixital que permite difundilo en todos os títulos de forma áxil.** |
| **2.-Introducir accións formativas específicas na dinámica do desenrolo académico (mencións).** |
| **3.-Introducir aos delegados de aula nas sesións de acollida.** |
| **4.-Introducir exemplos de estudantes referentes para motivar a participación nas actividades.** |
| **5.-Seguir proporcionando formación sobre a sinatura dixital e a realización de trámites coa administración por vía dixital.** |
| **6.-Plantexar actividades segundo a demanda do estudantado.** |
| **SUXERENCIAS DE MELLORA** |
| 1) MELLORAR O INDICE DE PARTICIPACIÓN DO ESTUDANTADO NO PAT-ANEAE. Para elo, recomendase elaborar unha avaliación do PAT que permita detectar que canles de comunicación que funcionan e tamén temáticas que teñen interese para o estudantado. Neste senso, **establécese como medida a creación dunha enquisa do PAT-ANEAE, dende o Vicedecanato de calidade, en coordinación coa coordinación do PAT-ANEAE.**<br>2) Seleccionar as accións específicas de maior interese para optimizar os recursos. Eliminar como xa se fixo este curso académico accións que xa non son pertinentes.<br>3) Crear contidos básicos do PAT-ANEAE que se poidan compartir en todos os títulos do centro, en especial aqueles que a súa dirección está noutro centro (i.e., Mestrado das cidades, mestrado de secundaria), que permita darlle mellor visibilidade do PAT entre o estudantado. Esta formación mantense en liña co plan de formación que se vai a promover dende o Vicedecanato de Estudantado e de cultura. |

Facultade de
Ciencias da Educación
Universidade Vigo

Área de Calidade

Centro certi cado
FIDES AUDIT